

# O MAGOSTO

No mes de outubro empezan a madurar as castañas.

Os soutos e as castiñeiras échense de ourizos e castañas louras.

Noutro tempo, a castaña foi un dos froitos que enchían de fartura o inverno. Gardábanse no canizo, dentro do ourizo. As últimas, xa pilongas, festexábanse o Domingo de Entroido, cocidas con chourizos ou con leite.

Dende aquela, a castaña, xa máis escasa, pasou a ser o froito temporeiro do outono.



Arrinca o pico a castaña,  
para que non salte da ola  
e che caia na cara.

Na fogueira do magosto, din os vellos  
que non se pode cuspir nin botar  
cascas de ovos.

Tampouco se pode apagar de súpeto,  
hai que deixala morrer pouco a pouco,  
para que siga ardendo pola noite e  
poidan as ánimas quentarse.

Pero a tradición popular vaise  
perdendo.

Non chas quero, non chas quero  
castañas do teu magosto.

Non chas quero, non chas quero  
que me saben a chamosco.

Dise que a palabra "magosto" vén de "mago", o grande espantallo que se queimaba adornado de rosarios de castañas.

Os magostos celebrábanse no Día de Todos os Santos en todos os lugares para a malla do pan. Nalgúns sitios facíanse no campo, ao pé dos castiñeiros. Tomaban parte nel os máis dos veciños. No rescaldo da fogueira asábanse as castañas e mentras os bullós estoupaban como foguetes. O viño novo, que, por este tempo xa se empezaba a beber, enchía os corpos de ledicia que se amosaba co baile, ao son do pandeiro, arredor da fogueira.

